



MINISTERIO PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA

Xubilación parcial persoal funcionario

30/05/2024

Non é casualidade que a piques de celebrarse un proceso electoral (elecciones ao parlamento europeo) o goberno español nun novo episodio de “connivencia cos sindicatos estatais CCOO e UGT”, saquen a relucir nos medios de comunicación estes días **dúas medidas recollidas** nun acordo do ano 2022, repetimos 2022, (Acordo Marco para unha Administración del Século XXI), que malia ser un mal acordo como no seu momento a CIG denunciou, está a ser utilizado como ferramenta electoral.

Suba salarial 2024

Co acordo que o Goberno do Estado asinou con UXT e CCOO a perda económica será, no mellor dos casos de 10% a finais de 2024 que, sumada a que xa tínhamos acumulada, deixa como resultado unha perda de poder adquisitivo de 27% por todo o persoal público”.

Xubilación parcial persoal funcionario

É curioso que falen agora da implantación da xubilación parcial para o persoal funcionario cando tanto na negociación do “borrador do proxecto de lei da función pública” como no Real Decreto 6/2023 publicado en decembro (polo que se aproban medidas urxentes para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia en materia de servizo público de xusticia, función pública, réximen local e mecenazgo) e a na “orde ministerial” sobre Planificación Extratéxica dos RRHH da Admon do Estado ligada o RD 6/23, **negaronse a recoller, a petición da CIG, o dereito a xubilación parcial** para o persoal funcionario e a xornada de 35 horas.

Pola contra esta “orde ministerial” sobre Planificación Extratéxica dos RRHH da Admon do Estado publicada este pasado 30 de abril, **incentiva a permanencia** dos traballadores e traballadoras máis alá da idade de xubilación.